


Informe anual de transparencia 2024



A publicación do presente informe está aliñado co cumprimento do ODS 16, e en particular, coa meta 16.6 que busca crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade



16 PAZ, XUSTIZA E
INSTITUCIONS
SOLIDAS



**OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE**

Índice

Introdución.	2
Grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa.	4
Estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública.	6
Reclamacións presentadas ante a Comisión de Transparencia de Galicia.	8
Portal de transparencia.	9
Xestión da información no Portal de transparencia.	9
UVigo en cifras.	14
Oferta e demanda académica	19
Información institucional	19
Información económica e orzamentaria	19
Información sobre o persoal	20
Rankings e distincións	20
Necesidade dun novo portal de transparencia.	20
Posición nos rankings de transparencia.	22
Fundación haz	22
Dyntra (Dinamic Transparency Index)	22
Portal de datos en aberto.	25
Open data	25
Universidade de Vigo en cifras	25
Acceso aberto. Open Access	25
Lei orgánica do sistema universitario.	25
Plan de financiamento das universidades de Galicia 2022-2026.	27
Anexo I. Cadro indicadores Fundación Haz (antiga Fundación Compromiso y Transparencia)	28
Anexo II. Datos pedimentos dereito de acceso.	31
Anexo III. Relación de ficheiros non publicados no 2024.	32

Introdución.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013) e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016), inclúen as universidades públicas e as entidades vinculadas ou dependentes delas no seu ámbito de aplicación.

Os principios de transparencia e rendición de contas quedan plenamente incorporados no sistema universitario coa aprobación da Lei Orgánica 2/2023 do sistema universitario (denominada LOSU), ao consagralo explicitamente no seu preámbulo. Por outra parte, varios artigos da LOSU afondan nese ideario, xa que indican que se deberán establecer mecanismos de rendición de contas e transparencia na xestión (artigo 39.1) e que eses mecanismos teñen que establecerse nos propios Estatutos (artigo 39.2). Dita lei tamén obriga a contar cun Portal de Transparencia e garantir o dereito de acceso á información que se considere institucionalmente relevante (artigo 39.3), ademais con información actualizada nos portais de transparencia (artigo 44.6).

A Universidade de Vigo, en virtude da súa potestade regulamentaria e de autoorganización, desenvolve no seu ámbito as disposicións que as leis anteditas indican. Neste senso apróbase, en sesión do Consello de Goberno do 9 de outubro do 2017, o regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo. Dito regulamento establece na universidade os mecanismos e os procedementos internos relacionados coas obrigas de publicidade activa, co dereito de acceso á información pública e co bo goberno.

Por outra banda, a Universidade de Vigo leva anos comprometida coa transparencia e o rendemento de contas ao publicar a información sobre os resultados da súa actividade a través da súa páxina web. O froito deste compromiso, e das obrigas e os compromisos das distintas normativas, trasládanse ao regulamento, o que permiten situar a Universidade de Vigo entre as administracións máis activas e responsables. Neste senso, o regulamento amplía as obrigas de información que debe ser publicada, ao recoller a previsión do artigo 6.2 da Lei 1/2016, que permite un réxime máis amplo en materia de publicidade activa. Regúlanse así mesmo os rexistros de actividades e de bens patrimoniais dos altos cargos, completando a normativa aplicable. Desenvólvense igualmente aspectos relacionados co bo goberno, o goberno aberto e os mecanismos de participación cidadá e da comunidade universitaria.

No devandito regulamento tamén se establece no **artigo 22** a obriga, por parte da Secretaría Xeral e en coordinación coa Unidade de Análises e Programas, de realizar un informe anual relativo ao grao de cumprimento da normativa de transparencia. Dito informe recollerá:

- a) A avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta normativa.
- b) As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública.
- c) Os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos.
- d) A relación de reclamacións presentadas contra denegacións de solicitudes de acceso e do sentido da súa resolución por parte da Comisión de Transparencia de Galicia.

En cumprimento do anterior realízase o seguinte informe anual, co contido seguinte: avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte da Universidade de Vigo e dos restantes suxeitos

obrigados, estatísticas relativas ao dereito de acceso, datos sobre a información consultada no Portal de transparencia e a relación de reclamacións presentadas contra a denegación de solicitudes de acceso e do sentido da súa resolución por parte da Comisión de Transparencia de Galicia.

A Universidade de Vigo alíña as súas políticas coa **Axenda 2030**, orientando a súa estratexia de responsabilidade social cara a consecución dos denominados 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). As diversas actuacións en transparencia que se presentan neste informe axudan á nosa Universidade no cumprimento do **ODS 16**, en particular, a **meta 16.6** que busca crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade.

No ano 2024 mantemos, ao igual que en anos anteriores, un alto grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa. En relación co dereito de acceso o número de peticións nestes 2 últimos anos está estabilizada en preto de 30 ao ano. En relación co tempo medio de resposta debemos de indicar que se produce un importante aumento no mesmo, que pasa de 33 días a 42. Nesta anualidade rexístranse un total de 2 reclamacións ante Comisión de Transparencia de Galicia.

Con respecto ao Portal de Transparencia cabe destacar que nesta anualidade publicáronse 148 actualizacións de información, sendo menor que o ano anterior porque non se puideron actualizar varios 71 ficheiros que se relacionan no anexo III.

Se revisamos a nosa reputación con respecto á transparencia, podemos ver que mantemos unha boa posición nas clasificacións de transparencia realizadas por entidades externas.

Finalmente debemos recordar que mantemos a necesidade de cumprir a obriga recoñecida no Regulamento de Transparencia da nosa institución en relación a ter un Portal de datos en Aberto, que se ve reforzada polo mandato da Lei orgánica do sistema universitario, aprobada en marzo do 2023.

Grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa.

A Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dedica o seu capítulo II, do título I, á publicidade activa, indicando cales deben ser os principios xerais e cal debe ser a información que está suxeita á mesma. Os suxeitos da lei están obrigados a publicar, de forma periódica e actualizada, a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública. Así, debe ser obxecto de publicidade activa: a información institucional, organizativa e de planificación; información de relevancia xurídica e información económica, orzamentaria e estatística. Tamén a Lei galega 1/2016, de transparencia e bo goberno, dedica o seu capítulo II, do título I, a establecer cales son as obrigas de publicidade activa, adicionais ás fixadas pola normativa básica e que tamén amplían as establecidas pola Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. Marcando novas obrigas de publicidade sobre información institucional, de relevancia xurídica ou de materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

O Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 09/10/2017, tamén ocupa o seu capítulo II á publicidade activa. No seu artigo 5 indícase que a Universidade e as demais entidades incluídas no ámbito de aplicación do antedito regulamento publicarán a información prevista na lexislación estatal e autonómica de transparencia. Ademais publicará información sobre a actividade docente, a actividade investigadora e a transferencia do coñecemento e actividade de extensión universitaria.

No artigo 7 do Regulamento de transparencia da nosa Universidade, indícase que se disporá dun portal web que facilita o acceso gratuíto da cidadanía á información suxeita ás obrigas de publicidade activa de xeito claro, accesible, estruturado, interoperable e reutilizable. A información publicada no portal será actualizada permanentemente, con indicación expresa da data a última actualización e, de ser posible, a data en que se volverá actualizar.

Atendendo as obrigas recollidas na normativa anterior créase unha **táboa de obrigas de publicidade activa** que debe cumprir a Universidade de Vigo. Dita táboa, recolle unha descrición da información que debe ser publicada, o apartado do portal no que debe ser publicado, a fonte dos datos publicados, a quen corresponde a responsabilidade de publicación, a norma e artigo que recolle a obriga de publicación, e o momento da actualización periódica.

Debemos ter en conta que o número de indicadores (preceptos legais) veñen marcados pola normativa de aplicación á Universidade de Vigo. Así vemos que na “Ley 19/2013 de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno”, implica a necesaria publicación dun total de **19 indicadores** relativos á: información institucional, organizativa e de planificación, información de relevancia xurídica e información económica, orzamentaria e estatística.

Con respecto á Lei autonómica 1/2016, de transparencia e bo goberno, é necesaria a publicidade dun total de **52 indicadores**, referentes ás seguintes áreas: información institucional, organizativa e de planificación, información sobre as relacións coa cidadanía, información de relevancia xurídica, información en materia de persoal, información económica, orzamentaria e estatística, información patrimonial, información sobre a contratación pública, información sobre a concesión de servizos públicos e información sobre subvencións.

Por outra banda o Regulamento de transparencia da Universidade de Vigo recolle a obriga de publicar un total de **17 indicadores**, a maior parte deles relacionados no apartado publicidade activa, no que atopamos información sobre: oferta académica, indicadores incluídos nos procedementos de verificación, seguimento e acreditación das titulacións oficiais, información sobre resultados de seguimentos e acreditación das titulacións oficiais, información sobre os resultados relacionados co rendemento académico, resultado de avaliación da docencia e das titulacións, información sobre o resultado dos programas de internacionalización, os indicadores de inserción laboral das persoas egresadas, guías docentes, perfil do profesorado, canles de representación e comunicación co alumnado, información sobre a estrutura de investigación e transferencia, así como composición dos grupos de investigación, información sobre os principais resultados da actividade investigadora, e sobre os resultados relacionados coa transferencia, resultados da oferta de cursos e obradoiros, así como das actividades culturais e deportivas. Tamén se publica a información propia do rexistro de actividades e bens patrimoniais de altos cargos, así como sobre os mecanismos de participación (cartas de servizo e sistema de queixas, suxestións e parabéns).

En relación con outra normativa que tamén implica obrigas sobre a publicidade de información debemos destacar, que a Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018 que, na súa disposición adicional quincuaxésima cuarta, que no seu punto cuarto indica que cada Administración Pública deseñará un plan de control do absentismo, que debe ser obxecto de difusión pública, a través do respectivo Portal de Transparencia. En dito portal serán tamén obxecto de publicación os datos de absentismo, clasificado por causa, cunha periodicidade polo menos semestral.

Como vemos son un total de **90** items, indicadores ou informacións detalladas que procuran aportar a máxima transparencia sobre a actividade da nosa institución. Deses 90 items cumprimos un total de 88, a falta de publicar o plan de absentismo laboral e de cumprir axeitadamente o disposto no artigo 11, apartado c, da Lei 1/2016, sobre os plans económico-financeiros aprobados para o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, tal como indica o Consello de Contas no seu informe de fiscalización aprobado o 22 de outubro de 2021. Información máis detallada do contido dos mesmos pode atoparse no cadro de obrigas de publicidade activa que pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://secretaria.Universidade de Vigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/43>

Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013) • 19 indicadores publicados. • 100 % publicado.	Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016). • 51 indicadores publicados. • 98 % publicado.	Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo • 17 indicadores publicados. • 100 % publicado.	Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado (ano 2018) Disposición adicional 54. • 1 indicador publicado. • 50% publicado
--	---	---	--

Estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública.

Segundo o artigo 12 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, desenvolto por dita lei. No artigo 13 da devandita lei indícase que se entende por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún suxeito incluído no ámbito de aplicación da lei e que teñan sido elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

Os límites do dereito de acceso, segundo o artigo 14, cando o acceso á información supoña un prexuízo para: a seguridade nacional; a defensa; as relacións exteriores; a seguridade pública; a prevención, investigación e sanción de ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios; á igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva; funcións administrativas de vixilancia, inspección e control; os intereses económicos e comerciais; a política económica e monetaria; o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial; a garantía da confidencialidade ou o segredo requirido en procesos de toma de decisións; e a protección do medio ambiente. A aplicación destes límites debe ser xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade, atendendo ás circunstancias do caso concreto.

A Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno de Galicia, no seu artigo 24, exprésase en termos similares cando indica: todas as persoas teñen dereito de acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia. Entendendo por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato e soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Durante o 2024 recibíronse un total de 29 solicitudes de dereito de acceso que se amparan nas leis e artigos anteditos. Con respecto aos datos do 2022 hai un descenso do número de solicitudes.

Das 29 solicitudes recibidas, 23 foron estimatorias, 3 con resolución denegatoria, unha non foi admitida a trámite, unha arquivouse e outra tivo unha estimación parcial.

DEREITO DE ACCESO. EVOLUCIÓN 2019 - 2024.

TIPO DE RESOLUCIÓN	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Concesión	23	17	17	32	23	23
Concesión parcial	1	1	--	1	1	1
Arquivo	1	1	1	0	1	1
Denegación	1	1	--	2	2	3
Inadmisión	--	--	--	--	1	1

Con respecto ao sexo das persoas que fan as solicitudes 20 delas son homes e 9 son mulleres. Destas persoas hai unha persoa que realiza un total de 4 peticións e tres persoas que realiza ata 2 solicitudes diferentes, as

restantes realizan unha única petición. É interesante recollelo posto que implica que as persoas consideran que o sistema de acceso é un medio adecuado e efectivo para acceder a información e repiten no seu uso.

Con respecto á forma en que se solicitaron as peticións: 17 foron realizadas a través do formulario web posto á disposición das persoas usuarias, que se pode atopar no Portal de Transparencia, 10 a través de correo electrónico e 2 no rexistro da Universidade.

DEREITO DE ACCESO. MEDIO DE PEDIMENTO 2019-2024.

MEDIO DE PEDIMENTO	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Portal formulario.	10	13	13	12	17	17
Correo electrónico	8	4	3	19	10	10
Rexistro	8	2	2	4	1	2
Valedora do Pobo	0	0	0	0	0	0

DEREITO DE ACCESO. TEMPOS DE RESPOTA 2024.

TEMPO MEDIO DE RESPOTA (DÍAS)	RANGOS DE TEMPOS DE RESPOTA				
	2024	Menos de 10 días	9	Tempo máximo de resposta	233 días
Xeral	42,07	Entre 10 e 30 días	7	Tempo mínimo	2 días
Documentos (Secretaría Xeral)	41,75	Máis de 30 días (en prazo)	2		
Datos (UAP)	42,46	Máis de 30 días (fora de prazo)	11		

DEREITO DE ACCESO. NÚMERO DE SOLICITUDES E TEMPO MEDIO DE RESPOTA.

	TEMPO MEDIO DE RESPOTA				
Tipo de información	2020	2021	2022	2023	2024
Número de solicitudes	19	18	35	28	29
Tempo medio de resposta	22,15	21,27	21,1	33,1	42,07

Reclamacións presentadas ante a Comisión de Transparencia de Galicia.

Segundo o artigo 24 da Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro) fronte a toda resolución, expresa ou presunta, en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativo. As resolucións de dito Consello deben ser publicadas, previa disociación dos datos de carácter persoal que contiveran, por medios electrónicos unha vez se teñan notificado ás persoas interesadas.

Así mesmo, no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, as reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública poderán interpoñerse perante o Valedor do Pobo e deben ser publicadas no Portal de transparencia da entidade. Segundo o artigo 33 da mesma lei créase a Comisión de Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo. Debe ser a Comisión de Transparencia a que resolva as reclamacións fronte ás resolucións de acceso que establece o artigo 28 desta lei.

Dende que se establece o procedemento para a presentación de solicitudes do dereito de acceso a Universidade de Vigo tivo unha reclamación no ano 2016 e dúas ao ano 2018. No 2017, 2019 e no 2022, a Universidade de Vigo non tivo ningunha reclamación presentada contra a denegación de solicitudes de dereito de acceso. No 2020 presentouse unha que foi estimativa para a persoa reclamante, e no ano 2021 presentouse unha. No 2023 presentáronse un total de 5 reclamacións.


No ano 2024 presentáronse 2 reclamacións ante a Comisión de Transparencia e foron as 2 estimatorias para as persoas reclamantes.

O contido de ditas resolucións, por parte da Comisión de Transparencia de Galicia poden ser consultada no seguinte enlace:

<https://secretaria.Universidade de Vigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/43>

Portal de transparencia.

XESTIÓN DA INFORMACIÓN NO PORTAL DE TRANSPARENCIA.




A Universidade de Vigo, afianzando o seu compromiso coa transparencia, ten á disposición da cidadanía o seu [Portal de Transparencia](#) distribuído nos seguintes **doce bloques**: información institucional, información económica e orzamentaria, información sobre o persoal, perfil do profesorado, oferta e demanda académica, Responsabilidade social, Rankings e distincións, Universidade de Vigo en cifras, Acceso Aberto, dereito de acceso informes e novas, Selo de Transparencia e Ética e integridade, que é o novo apartado engadido no 2024.

Cada un destes bloques engloba información de diverso tipo, dende as axendas institucionais, a normativa, pasando pola información de diversos indicadores académicos ou os relativos á dereito de acceso á información pública. Nestes momentos a aplicación informática que sustenta o Portal de Transparencia non permite extraer os datos relativos a cales son os apartados, ou información, máis consultada dentro do mesmo.

Dentro da **xestión diaria** do Portal de Transparencia debemos destacar que se publican un total de **148 actualizacións de ficheiros e informes** ao longo do ano, 53

menos que no ano 2023, debido a que non se puideron actualizar **71** ficheiros por problemas informáticos. Engádesse esta listaxe de ficheiros non publicados como Anexo III de este informe. A publicación deste ficheiros implica, en primeiro lugar, a recollida de datos de diversos servizos e unidades da Universidade de Vigo. A recollida de información é realizada pola UAP, en diversos momentos ao longo do ano, un total de 236 peticións de datos e información que deben ser logo elaborada. Sobre a información recollida a UAP realiza diversas actividades e cálculos, como poden ser o cálculo de equivalencias a tempo completo, ou a realización de táboas e gráficos para facer máis comprensible e aumentar a usabilidade da información. Os datos recollidos e elaborados tamén se utilizan para a participación en diferentes rankings e a realización de estatísticas oficiais.



Dende o 2019 a UAP realiza un esforzo importante por incorporar nova información ao Portal de Transparencia creando novos ficheiros de datos para completar ao máximo posible a información facilitada á cidadanía. No 2024 creáronse 3 novos ficheiros e 3 páxinas novas.


Dos 148 ficheiros que se publican no Portal de Transparencia, 76 son no apartado de Universidade de Vigo en cifras, o que implica máis un 51,4 % do total publicado. O segundo apartado que acumula máis actualizacións é o de Información económica e orzamentaria, con 38 arquivos, o que implica un total dun 27,7 % das actualizacións realizadas. Estas dúas posicións son as mesmas que en anos anteriores.

PUBLICACIÓNS POR APARTADO NO 2024.

APARTADO.	NÚMERO DE PUBLICACIÓNS
Uvigo en cifras	76
Información económica e orzamentaria	38
Dereito de acceso, informes e novas	10
Responsabilidade Social	6
Información sobre o persoal	6
Información institucional	4
Rankings e distincións	3
Oferta e demanda académica	3
Etica e integridade	1
Selo de transparencia	1

Con respecto ao mes que máis publicacións acumula no 2024 son marzo, abril e xullo con 21 cada un, seguido polos de setembro con 18 e febreiro con 16, decembro 14 e maio 1. Os meses de xuño, novembro e outubro son os meses que menos publicacións teñen, con 9, 8 e 7 respectivamente. En xaneiro e agosto non houbo publicacións. En calquera caso, non debemos esquecer que o importante non é o número de ficheiros que se publican, senón a complexidade da información e tratamento da mesma, así como a súa utilidade.

Durante o 2024 segue ampliándose progresivamente a información dalgúns dos arquivos xa existentes, mellorando a súa capacidade de aportar novo coñecemento sobre diferentes items, afinando a súa preparación e destacando a información máis relevante dos mesmos. No seguinte gráfico podemos observar a evolución da nova información publicada nos últimos 6 anos.



E na seguinte táboa indícase a nova información publicada no 2024

NOVA INFORMACIÓN PUBLICADA NO 2024.	
APARTADO.	INFORMACIÓN
Dereito de acceso, informes e novas	Cadro resumo de solicitudes de dereito de acceso
Dereito de acceso, informes e novas	Comisión de Transparencia de Galicia
Uvigo en cifras	Evolución de matrícula
Etica e integridade	Etica e integridade
Dereito de acceso, informes e novas	Páxina de informes de transparencia

APARTADO.

INFORMACIÓN

Dereito de acceso, informes e novas

Páxina de rankings de transparencia

Como podemos ver, neste 2024 créase unha nova sección no Portal de Transparencia denominada “Ética e integridade”. O artigo 39.4 da Lei Orgánica 2/2023 do sistema universitario (LOSU) indica o seguinte "As universidades velarán polo cumprimento dos principios éticos e de integridade académica, así como das directrices antifraude, que deben guiar a función docente e a investigación, en colaboración cos organismos e plans dos que, para estes efectos, dispoña cada universidade".

Tamén no apartado Dereito de acceso, informes e novas créanse dúas páxinas novas, a de informes de transparencia e a de rankings de transparencia.

Ademais desta información, que ten unha actualización manual, unha parte dos indicadores que se atopan no Portal de Transparencia, sobre todo os que se poden consultar no apartado de Universidade de Vigo en cifras, teñen unha actualización automática, tomando información directamente doutras aplicacións de xestión como Xescampus ou Sigma. A pesar de que existe esta actualización automática a UAP realiza comprobacións periódicas sobre ditos informes, e responde as consultas e dúbidas que sobre o mesmos trasladan as persoas que coordinan as actividades de calidade das titulacións.

No artigo número 22 do Regulamento de Transparencia da Universidade de Vigo, na súa letra c), indícase que o informe anual debe conter os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos.

O número de visitas ao Portal de Transparencia no 2024 foi de 143.405 visitas.

TÁBOA DE NÚMERO DE VISITAS 2020-2024

	2020	2021	2022	2023	2024	VARIACIÓN 2023-2024
Visitas	65736	72.712	123.503	124.345	143.405	15,33 %




Como se pode ver no gráfico anterior entre o 2023 e 2024 hai un incremento substancial do número de visitas ao longo do ano. Para poder traballar igualmente a información relativa ao número de visitas no Portal de Transparencia, contactamos coa Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC) que nos facilita un informe completo do número de visitas que se realizaron no 2024 ao Portal de transparencia.

O número de visitas de cada apartado e a porcentaxe sobre o total de visitas (eliminando as 34.894 visitas á páxina principal, que é a que utilizan moitas persoas usuarias para logo navegar ao resto do portal) son os que se pode ver na seguinte táboa.

TÁBOA DE BLOQUES E NÚMERO DE VISITAS 2024.		
BLOQUE	NÚMERO DE VISITAS	% SOBRE VISITAS
	2024	2024
UVigo en cifras	55.713	51,35%
Oferta e demanda académica	19.084	17,59%
Información institucional	11.774	10,85%
Información económica e orzamentaria	7.923	7,30%
Información sobre o persoal	4.463	4,11%
Rankings e distincións	2.268	2,09%
Responsabilidade social	1.999	1,84%
Dereito de acceso, informes e novidades	1.936	1,78%
Perfil do profesorado	1.260	1,16%
Acceso aberto	699	0,64%
Selo de transparencia	425	0,39%
Que é o portal de transparencia?	332	0,31%
Ética e integridade	278	0,26%

Dos diferentes bloques nos que está dividida a información dentro da web, o bloque de UVigo en Cifras, ao igual que nos anos anteriores é o que recibe a maior parte das visitas cun total de 55.713, as cales representan un 51,35% das visitas reais ao Portal. No dito apartado atopamos información sobre a maior parte dos indicadores oficiais da Universidade de Vigo, que son utilizados para diversos fins, entre eles a verificación de títulos, a súa acreditación ou diversas estatísticas internas e externas. Mentres que os apartados menos visitados son os relativos a: perfil do profesorado, acceso aberto, Selo de transparencia, “que é portal de transparencia?” e o novo apartado Ética e integridade. Todos eles con porcentaxes de visitas por debaixo dun 1,5 % de visitas, e un 3,03 % acumulado entre eles.

A continuación pasaremos a desenvolver máis polo miúdo os bloques que teñen máis de 2.000 visitas, cunha suma acumulada entre eles de 101.225 visitas. Estes bloques son: UVigo en Cifras, oferta e demanda académica, información institucional, información económica e orzamentaria, información sobre o persoal e Rankings e distinción



UVIGO EN CIFRAS.

Tal e como comentamos con anterioridade é o bloque que máis visitas recibe, cun total de 55.173. Dentro deste bloque atopamos un total de 15 subapartados, entre eles: a información relativa ás titulacións oficiais, a avaliación da satisfacción ou as bolsas. Na imaxe e na seguinte táboa podemos ver o conxunto de todos eles coas súas correspondentes visitas.

A continuación imos centrarnos na análise dos apartados de UVigo en Cifras que teñen máis de 2.000 visitas para estudar dentro deles que información é a máis consultada. Así, os apartados máis consultados son: titulacións oficiais, avaliación da satisfacción, persoal, investigación e transferencia, xestión económica e contratación e profesorado con horas de docencia. Podemos ver que a páxina principal de UVigo en cifras ten un total de 10.178 visitas, o que pode ser debido a que esta páxina é a que boa parte das persoas usuarias visitan para logo seguir cara a información que realmente están a procurar.

UVIGO EN CIFRAS 2024		
APARTADO	VISITAS 2024	% 2024
Titulacións oficiais.	18.314	32,87%
Páxina principal.	10.178	18,27%
Avaliación da satisfacción.	4.671	8,38%
Persoal.	4.123	7,40%
Investigación e transferencia.	3.034	5,45%
Xestión económica e contratación.	2.581	4,63%

APARTADO	VISITAS 2024	% 2024
Profesorado con horas de docencia.	2.263	4,06%
Inserción laboral.	1.727	3,10%
UVigo en cifras datos xerais da Universidade.	1.670	3,00%
Títulos propios e formación complementaria.	1.522	2,73%
Programas de mobilidade.	1.251	2,25%
Medio ambiente.	1.015	1,82%
Infraestruturas (Biblioteca, Tecnoloxía das comunicacións, edificios...).	937	1,68%
Bolsas.	915	1,64%
Prácticas.	811	1,46%
Actividades culturais, deportivas e de divulgación.	701	1,26 %

Dos apartados que vemos no bloque de UVigo en Cifras é o referente as **Titulacións oficiais** o que maior número de visitas recibe, con un total de 18.314, que representa un 32,87 % do total deste bloque e un 12,77 % sobre o total de visitas ao Portal de Transparencia. Tal e como comentamos con anterioridade, o bloque de UVigo en Cifras recolle a maior parte dos indicadores e datos oficiais da Universidade de Vigo, os cales se atopan, á súa vez recollidos de xeito maioritario no subapartado de estudos de grao, 1º e 2º ciclo e máster, que son as titulación maioritarias que se imparten na nosa universidade. Na táboa seguinte desagregamos os datos para chegar, co maior detalle posible, a información que resulta ser a máis consultada dentro do noso Portal de Transparencia. Como podemos ver na seguinte táboa as diferenzas porcentuais con respecto ao ano pasado son pequenas, agás nas notas medias das titulacións, que se incrementaron.

UVIGO EN CIFRAS. SUBAPARTADO DE TITULACIÓNS OFICIAIS 2024.

SUBAPARTADO TITULACIÓNS OFICIAIS.	VISITAS 2024	% 2024
Titulacións oficiais. Páxina principal	3142	17,16%
Estudios de grao, 1º e 2º ciclo, e master.	11.464	62,60%
Páxina Principal	3505	19,14%
ABA. Abandono.	600	3,28%
ACC. Acceso e matriculación inicial.	671	3,66%
Catálogo de indicadores de centros e titulacións.	914	4,99%
GRA. Graduación.	997	5,44%
MAT. Matrícula.	1391	7,60%
PRE.GRA. Admisión de grao.	795	4,34%
PRE.MAS. Admisión de máster	882	4,82%
REN. Rendemento	1709	9,33%
Doutoramento.	1696	9,26%
ACC.DOU. Acceso ao programa de doutoramento RD 99/2011	263	1,44%
Catálogo de indicadores de doutoramento RD 99/2011.	169	0,92%

SUBAPARTADO TITULACIÓNS OFICIAIS.	VISITAS 2024	% 2024
Evolución de teses defendidas	111	0,61%
GRA.DOU. Graduación doutoramento RD99/2011	206	1,12%
MAT.DOU.Matricula programa de doctorado RD 99/2011.	378	2,06%
Matricula en programas de doutoramento anteriores ao RD 99/2011	95	0,52%
Programas de doutorado. Páxina inicial.	474	2,59%
Notas medias das titulación	1654	9,03%
Credit and Degree Mobility	248	1,35%

Como podemos ver dentro do apartado de titulacóns oficiais a súa páxina inicial recibe 3.142 visitas, mentres que o seu subapartado estudos de grao, 1º e 2º ciclo, e máster é o máis visitado, xa sexa na súa páxina inicial (con 3.505 visitas), como nas que corresponden aos diferentes indicadores.

Dentro dos indicadores relativos aos estudos de grao, 1º e 2º ciclo e mestrado intercámbianse as dúas primeiras posicións con respecto ao ano pasado: os de rendemento son os máis consultados, con 1.709 visitas, seguidos dos de matrícula, con 1.391, e a consulta do catálogo permanece en terceira posición con 914 visitas.

Dentro da información relativa aos estudos de doutoramento temos un total de 1.696 visitas. Sendo a páxina inicial e o indicador de matricula dos programas de doutoramento do RD99/2011 a información máis visitada, con 474 e 378 visitas respectivamente.

O segundo apartado máis visitado de UVigo en Cifras é o de **Avaliación da satisfacción**, cun un total de 4.671 visitas. Neste apartado recóllese unha serie de enquisas, incluídas as da Área de Calidade da nosa universidade.

Dentro do apartado de avaliación de satisfacción, é a páxina de enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais a que máis visitas recibe, con 3.502. Dentro desta son a páxina das enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado, con 1.250 visitas, e a principal, con 1.203 visitas, as que máis visitas reciben. Con respecto ás restantes enquisas, as de satisfacción dos egresados reciben 501 visitas, as de satisfacción de doutoramento reciben 226 e as de satisfacción do estudiantado do programa de maiores reciben 192.

Na táboa seguinte podemos ver a información deste subapartado desagregada.

UVIGO EN CIFRAS. AVALIACIÓN DA SATISFACCIÓN 2024.

APARTADO	VISITAS 2024	% 2024
Avaliación da satisfacción. Páxina principal	975	20,87 %
Enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais	3502	74,97%
Enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado	1250	26,76%
Páxina principal	1203	25,75%
Enquisas de satisfacción de egresados	501	10,73%
Enquisa de satisfacción do PAS de centros	251	5,37%
Enquisa de satisfacción do doutoramento estudiantado e profesorado	226	4,84%

APARTADO	VISITAS 2024	% 2024
Satisfacción de doutoramento PAS	68	1,46%
Enquisas de satisfacción do estudantado do programa de maiores.	192	4,11%

O terceiro apartado máis visitado de UVigo en Cifras é o de **Persoal**, cun un total de 4.123 visitas. Neste apartado recóllese información sobre os indicadores de persoal da UVigo, indicadores das actividades de formación do persoal, indicadores de acreditación PAS centros e indicadores de absentismo.

Na táboa seguinte podemos ver a información deste subapartado desagregada.

UVIGO EN CIFRAS. PERSOAL 2024.

APARTADO	VISITAS	
	2024	% 2024
Indicadores de persoal	1883	45,67%
Persoal. Páxina principal	1156	28,04%
Indicadores de acreditación PAS centros	287	6,96%
Indicadores de actividades de formación de persoal	260	6,31%
Indicadores do gasto de persoal	171	4,15%
Indicadores de fenda salarial	154	3,74%
Indicadores de absentismo	150	3,64%
Indicadores de minusvalías, xubilacións e outras situacións administrativas	62	1,50%

O cuarto apartado en número de visitas en UVigo en cifras é o de **Investigación e transferencia** cun total de 3.034 visitas. Nel se poden consultar indicadores relativos á actividade de investigación realizada pola Universidade, así coma a transferencia de resultados de dita investigación, actividade de I+D+i, do persoal investigador e dos grupos de investigación, repositorio da produción científica e impacto dos resultados bibliométricos.

Na táboa seguinte podemos ver a información deste subapartado desagregada.

UVIGO EN CIFRAS. INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA 2024

APARTADO	VISITAS 2024	% 2024
Páxina principal	1094	36,06%
Investigación	508	16,74%
Transferencia	340	11,21%
Centros singulares de investigación	165	5,44%
Acceso aberto (open access)	158	5,21%
Portal de investigación	154	5,08%
Estadías de investigación	145	4,78%
Proxectos internacionais	143	4,71%
Buscador de I+D+I	128	4,22%
Repositorio	106	3,49%
Bibliometría	93	3,07%

O seguinte apartado que supera as 2000 visitas é o de **xestión económica e contratación** que ten un total de 2.581 visitas, dentro do cal son os indicadores de xestión económica, con 859 visitas, o apartado máis visitado, seguido dos indicadores de orzamentarios, con 582 visitas.

Na táboa seguinte podemos ver a información deste subapartado desagregada.

UVIGO EN CIFRAS. XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN 2024.

APARTADO	VISITAS 2024	% 2024
Indicadores de xestión económica	859	33,28%
Indicadores orzamentarios	582	22,55%
Páxina principal	469	18,17%
Indicadores de contratación	289	11,20%
Indicadores financeiros	247	9,57%
Catálogo de indicadores orzamentarios e financeiros	135	5,23%

Por último no apartado de **profesorado con horas de docencia** recíbense un un total de 2.263 visitas. Dentro de este apartado é o da páxina inicial o que maior número de visitas reciben, un total de 922.

Na táboa seguinte podemos ver a información deste subapartado desagregada.

UVIGO EN CIFRAS. PROFESORADO CON HORAS DE DOCENCIA 2024

APARTADO	VISITAS 2024	% 2024
Páxina inicial	922	40,74%
DOC. Profesorado con horas de docencia en grao e mestrado	421	18,60%
FOR. Formación e mobilidade do profesorado en grao e mestrado	386	17,06%
MER. Profesorado doutor, quinquenios e sexenios en grao e mestrado	374	16,53%
DOC. DOU. Profesorado en doutorado RD 99/2011	160	7,07%

OFERTA E DEMANDA ACADÉMICA

Tras Uvigo en cifras o apartado xeral do Portal de Transparencia que máis visitas recibe é o de **Oferta e demanda académica**, este apartado recibe un total de 19.084 visitas, multiplicando por catro as súas visitas con respecto ao ano pasado. Nel pódese consultar información sobre os estudos e titulacións da Universidade de Vigo, guías docentes, demanda académica (estudos de grao, mestrado e doutoramento), axudas e bolsas e asesoramento, no que se pode consultar información para futuro alumnado, a Unidade de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo, mentoría, plan de acción tutorial, empregabilidade e Valedoría Universitaria.

Neste apartado toda a información se presenta na páxina principal polo que non se pode facer unha desagregación dos contidos máis visitados dentro da mesma.

INFORMACIÓN INSTITUCIONAL

Logo de Oferta e demanda académica vén o de **Información Institucional**, cun total de 11.774 visitas, cae practicamente á metade con respecto ao ano pasado que ven motivada porque as axendas de goberno xa non se publican directamente no Portal de Transparencia. Dentro deste apartado podemos consultar información diversa: a misión e visión da UVigo, as diversas axendas, calidade e participación, o código ético, datos de réxime de protección social e/ou aseguramento persoal, eleccións, estrutura organizativa, entidades vinculadas e outras participacións, plans e programas institucionais, órganos de goberno da Universidade, órganos de representación, normativa e resolucións firmes.

INFORMACIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA

O cuarto apartado dos 12 que compoñen o Portal de transparencia, que máis visitas recibe é o de **información económica e orzamentaria** cun total de 7.923 visitas. Neste apartado pode consultarse información relativa á contratación da UVigo, ás medidas antifraude, a información patrimonial, entre outros apartados. Como podemos ver na seguinte táboa, que desagrega os datos deste apartado, é a páxina principal a que maior número de visitas recibe, con 2.651, dende ela pódese navegar aos restantes apartados, pasando a ser este ano o de indemnización por razón de servizo, con 891, o que máis visitas recibe e colocándose contratación, con 753, no segundo lugar.

Na táboa seguinte pode observarse a desagregación deste apartado do portal.

UVIGO. XESTIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA 2024.

APARTADO	VISITAS 2024	% 2024
Información económica e orzamentaria. Páxina principal	2651	33,46%
Indemnizacións por razón de servizo	891	11,25%
Contratación	753	9,50%
Medidas antifraude	727	9,18%
Subvencións e axudas	414	5,23%
Información Patrimonial	392	4,95%
Contabilidade analítica	388	4,90%
Convenios	309	3,90%
Execución presupostaria	307	3,87%
Encomendas de xestión	233	2,94%
Préstamos e saldos contas bancarias	229	2,89%
Ingresos por estudante	218	2,75%
Concesións administrativas	206	2,60%
Visor de Transparencia Económica-Financiera	205	2,59%

INFORMACIÓN SOBRE O PERSOAL

O seguinte apartado en número de visitas é o de **Información sobre o persoal**, cun total de 4.463 visitas. Dende este apartado pódese atopar información sobre os convenios colectivos, salarios e impostos (PAS e PDI), información sobre a fenda salarial na Universidade de Vigo, información das retribucións do equipo de goberno e cargos académicos, relación de persoal eventual e alta dirección, relación de postos de traballo, ofertas de emprego público, resolucións ou recoñecementos de compatibilidade, representación sindical e outra información de interese para PAS e PDI.

Neste apartado toda a información se presenta na páxina principal polo que non se pode facer unha desagregación dos contidos máis visitados dentro da mesma.

RANKINGS E DISTINCIÓNS

O último dos apartados do Portal de Transparencia que recibe máis de 2.000 visitas é o apartado do portal denominado **Rankings e distincións** publícanse as novas sobre a posición da nosa universidade nos diversos rankings nos que participa e os premios e distincións que reciben persoas que son membros da comunidade universitaria. Tamén se fai unha recompilación anual de ambos a modo de boletín.

Neste apartado o espazo pertencente aos rankings recibe un total de 1.598 visitas e o de premios e distincións un total de 670, o que implica un total acumulado de 2.268 visitas.

NECESIDADE DUN NOVO PORTAL DE TRANSPARENCIA.

Tanto na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, como na Lei galega 1/2016, de transparencia a bo goberno se establece que o principal medio para executar as obrigas de publicidade activa serán os Portais de transparencia ou as sedes electrónicas de cada unha das entidades suxeitas a ditas obrigas.

A Lei orgánica 2/2023, do sistema universitario (LOSU) tamén obriga as universidades públicas a contar cun Portal de Transparencia e garantir o dereito de acceso á información que considere institucionalmente máis relevante (artigo 39.3).

A Universidade de Vigo conta cun Portal de transparencia posto en marcha no 2015 ao que no transcurso destes anos de uso se lle detectan importantes necesidades de mellora.

Unha nova web para o Portal de Transparencia que permita unha xestión máis áxil do mesmo. O novo espazo web posibilitaría pasar de xestionar 130 páxinas diferentes, que son as do actual portal, a un espazo no que a información se puidese reestruturar, aproximadamente, nunhas de 30 páxinas. O que posibilitaría, non só unha xestión máis eficiente do Portal de Transparencia, tamén melloraría a accesibilidade á información e a súa usabilidade.

A Fundación Haz indica nos seus informes de transparencia o seguinte *“Entendemos por transparencia voluntaria en la web el esfuerzo por difundir y publicar la información relevante de la organización, haciéndola visible y accesible a todos los grupos de interés de manera íntegra y actualizada”*. Dispoñer dunha nova páxina axudaría a mellorar a visibilidade e accesibilidade á información publicada no Portal de Transparencia.

No Regulamento de Transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo indica, no seu artigo 22 que a Secretaría Xeral, en coordinación coa Unidade de Estudos e Programas, presentará anualmente ao Claustro un informe relativo ao grao de cumprimento da normativa de transparencia. O informe recollerá, entre outras cuestión a información máis consultada no portal de transparencia e datos abertos. E no seu artigo 9 indica que se creará un Portal de datos abertos, que recollerá os recursos dispoñibles en formatos abertos, así como as súas condicións de utilización.

O actual Portal de transparencia no permite cumprir de xeito eficiente ningunha destas dúas obrigas que a normativa dispón para a nosa institución. Un novo portal permitiría axeitar o seu funcionamento para o cumprimento das necesidades reais de transparencia e datos abertos.

Posición nos rankings de transparencia.

FUNDACIÓN HAZ

A Fundación HAZ (anteriormente denominada Fundación Compromiso e Transparencia) coa misión de fortalecer a confianza da sociedade nas institucións e empresas promovendo a transparencia, o bo goberno e o compromiso social, realiza diversas publicacións, entre elas o “*Examen de transparencia 2024. Informe de transparencia y buen gobierno de las universidades españolas*”. Este informe realízase dende o ano 2011 e é de axuda inestimable para que as universidades públicas poidan continuar progresando na transparencia na web. O obxectivo principal dos informes desta fundación é impulsar a transparencia na web e desenvolver un conxunto de áreas e indicadores comúns a partir dos cales as universidades poidan ir enriquecendo a súa rendición de contas.



No 2023 a Universidade de Vigo acada o selo **t de transparente***** (categoría tres estrelas) e no 2024 volve a conseguilo, o que implica un cumprimento dun 98 %, con 61 puntos sobre os 62 posibles.

Neste informe destácase como novidade do ano 2024 a avaliación por primeira vez da área de Ética e cumprimento que ven marcada pola nova Lei orgánica do Sistema Universitario (LOSU). A Fundación HAZ recalca a importancia que lle da esta lei á necesidade de establecer unha nova cultura de integridade e bo goberno universitario, outorgando competencias aos Consellos Sociais nesta materia. Coa intención de facilitar aos órganos de goberno das universidades o cumprimento das novas exigencias a Fundación crea un novo apartado de información denominada *Ética e cumprimento*, que pasa a formar parte do informe do 2024.

Con respecto aos resultados obtidos pola UVigo temos que destacar, tal e como comentamos con anterioridade, totalmente con 30 indicadores e parcialmente 1 indicador. Nesta edición valóranse por primeira vez tres novos indicadores relativos á área de Ética e compliance, cumprindo plenamente os indicadores de Código ético e de Canal ético, mais recibindo un cumprimento parcial no indicador Responsable de compliance pois non acreditou a dependencia do Consello Social, como esixe o indicador.

Pode consultarse máis información sobre este ranking e o seu selo na seguinte ligazón:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/72>

DYNTRA (DINAMIC TRANSPARENCY INDEX)

Por outra banda, no 2017 a plataforma Dyntra (Dynamic Transparency Index) xorde como a primeira plataforma colaborativa no mundo, que traballa na medición e xestión do goberno aberto nas organizacións e na sociedade civil. O seu obxectivo é medir a información pública de Gobernos, Administracións Públicas, partidos políticos, cargos electos e diferentes actores sociais, dunha maneira dinámica, eficiente, transparente e aberta.

Na consulta realizada en decembro do 2024 a posición da UVigo era a terceira, cumprindo cun total de 160 dos 169 indicadores referidos, o que implica un 94,67 % de grao de cumprimento. Debemos de ter en conta que se trata dun ranking dinámico polo que a posición dunha institución varía constantemente, en función do grao de cumprimento de indicadores en cada momento.

Universidades				
General Públicas Privada				
Buscar una entidad ...				
POSICIÓN	ENTIDAD	ÍNDICE	PORCENTAJE	
1	 Universidad de Zaragoza	163 de 169 indicadores	96.45%	
1	 Universidad de Huelva	163 de 169 indicadores	96.45%	
3	 Universidade de Vigo	160 de 169 indicadores	94.67%	
3	 Universidad de Valladolid	160 de 169 indicadores	94.67%	
3	 Universidad de Murcia	160 de 169 indicadores	94.67%	
3	 Universidad de Cádiz	160 de 169 indicadores	94.67%	
3	 Universidad de Burgos	160 de 169 indicadores	94.67%	
3	 Universidad Complutense de Madrid	160 de 169 indicadores	94.67%	

Fonte: Dyntra (<https://www.dyntra.org/indices/universidades/>)

A Universidade de Vigo mellorou o cumprimento de indicadores publicando os seguintes no 2024:

- Due1111 A declaración patrimonial, bens e actividades do Reitor/a e Vicerreitores.
- Due146 Publícase o inventario de Bens e Dereitos da Universidade.

E a continuación detállanse os indicadores que seguen sen cumprirse:

- Due125 A declaración patrimonial, bens e actividades do Secretario Xeral, Xerente e Decanos/as.
- Due127 Existe enlace a redes sociais do Secretario/a Xeral, Xerente e Decanos/as.
- Due1611 Plan de responsabilidade social e os plans de desenvolvemento sostible da Universidade.
- Due1614 Existe e publícase un Plan de Absentismo Laboral.
- Due241 Existe un portal Open Data.
- Due243 Está federado o portal de open data co portal de datos.gob.es.
- Due324 Publícanse estas propostas para a súa deliberación pública.
- Due325 Publícase a información relativa á Rendición de Contas a través dalgunha ferramenta ou visor, que permita ós cidadáns coñecer o grao de cumprimento dos compromisos electorais do reitor durante a lexislatura.
- Due5216 Os plans estratéxicos de axudas e subvencións aprobadas.

Pode consultarse máis información sobre este ranking e o seu selo na seguinte ligazón:

<https://www.dyntra.org/poi/universidade-de-vigo/?prev=indices/universidades>

Este alto grado de cumprimento coa transparencia pública fai que a UVigo tamén se atope no ranking de transparencia das Administracións públicas españolas, elaborado por esta mesma plataforma, no que acada igualmente a terceira posición.

Administraciones Públicas españolas			
Buscar una entidad ...			
POSICIÓN	ENTIDAD	ÍNDICE	PORCENTAJE
1	 Universidad de Zaragoza	163 de 169 indicadores	96.45%
1	 Universidad de Huelva	163 de 169 indicadores	96.45%
3	 Universidade de Vigo	160 de 169 indicadores	94.67%
3	 Universidad de Valladolid	160 de 169 indicadores	94.67%
3	 Universidad de Murcia	160 de 169 indicadores	94.67%
3	 Universidad de Cádiz	160 de 169 indicadores	94.67%
3	 Universidad de Burgos	160 de 169 indicadores	94.67%
3	 Universidad Complutense de Madrid	160 de 169 indicadores	94.67%

Fonte: Dyntra (<https://www.dyntra.org/indices/administraciones-publicas/>)

Portal de datos en aberto.

OPEN DATA

O regulamento de Transparencia e de Acceso á Información Pública da Universidade de Vigo establece no seu artigo 9 a definición do Portal de datos abertos como “O catálogo de información reutilizable recollerá os recursos dispoñibles en formatos abertos, así como as súas condicións de actualización, de acceso e de utilización. O portal de datos abertos, accesible desde o portal de transparencia, será o punto de acceso ao catálogo de información reutilizable.”

A pesar da aprobación do dito regulamento, polo Consello de Goberno o 9 de novembro de 2017 e o establecido na súa disposición transitoria que indicaba que no prazo de seis meses desde a entrada en vigor se publicaría o portal de datos aberto, pero a data de hoxe aínda non foi posible a súa posta en funcionamento por non dispoñer de medios técnicos propios para a realización dun Open Data propio.

Ao mesmo tempo, dispoñer dun Open Data é avaliado por parte do ranking de transparencia DYNTRA, en concreto no indicador “Due241 Existe un portal Open Data” e no indicador “Due243 Está federado el portal de open data con el portal datos.gob.es”. O feito de non dispoñer de dito indicador implica que este apartado non se atope cumprimentado e polo tanto non pode ser avaliado.

UNIVERSIDADE DE VIGO EN CIFRAS

Aínda que universidade non dispón dun Open Data, o apartado do Portal de Transparencia “Universidade de Vigo en Cifras” ten unha funcionalidade semellante a un catálogo de datos en aberto, posto que dentro del atopamos a información máis relevante da súa actividade. Por tal motivo, o mesmo ranking DYNTRA o avalía no indicador “Due242 Existe un catálogo de datos abiertos relacionado con las competencias y área de actividades de la Universidad”.

ACCESO ABERTO. OPEN ACCESS

No Portal de Transparencia, no ano 2019, creouse unha nova páxina denominada “Acceso Aberto” no que se informa do acceso en aberto, “Open Access”, como parte do que se denomina Ciencia en Aberto, “Open Science”, que implica unha divulgación científica non limitada ás publicacións científicas, un concepto que fai referencia á apertura das publicacións, dos datos de investigación, das metodoloxías, dos procesos de avaliación, nunha contorna de investigación e innovación máis transparente.

Dentro deste apartado, mediante unha ligazón informa da páxina editada pola Biblioteca Universitaria sobre este tema na Universidade de Vigo, cuxos datos están dispoñibles no Repositorio Institucional para o depósito da produción científica INVESTIGO.

LEI ORGÁNICA DO SISTEMA UNIVERSITARIO.

Con respecto á Lei Orgánica 20/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario debemos afirmar que a mesma fai un importante énfase sobre os datos en aberto.

Así podemos ver que no artigo 12 se afirma que o coñecemento científico terá a consideración de un ben común. As Administracións Públicas e as universidades promoverán e contribuirán activamente á Ciencia Aberta, mediante o acceso aberto a publicacións científicas, datos, códigos e metodoloxías que garantan a comunicación

da investigación, a fin de acadar os obxectivos de libre circulación dos coñecementos científicos e as tecnoloxías que promulgan a política europea de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

O mesmo artigo, no seu punto 5 indica que os datos, entendidos como aquelas fontes primarias necesarias para validar os resultados das investigacións, deben seguir os principios FAIR (datos fáciles de encontrar, accesibles, interoperables e reutilizables) e, sempre que sexa posible, difundirse en acceso aberto.

Como vemos, os novos mandatos da lei orgánica que regula o sistema universitario español obrigan a que as universidades dispoñan de un espazo específico para os datos en aberto, que favorezan o intercambio do datos precisos para o coñecemento científico.

Plan de financiamento das universidades de Galicia 2022-2026.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 16 de decembro de 2021 adoptou o acordo polo que aprobou o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026, e contemplou nos cinco anos de vixencia os seguintes obxectivos:

- Establecemento dun horizonte amplo de suficiencia e estabilidade financeira que permita á Xunta de Galicia e ás institucións públicas de ensino universitario na comunidade autónoma o desenvolvemento ordenado das súas políticas no período 2022-2026.
- Definición de criterios de asignación de recursos explícitos, baseados no custo estándar da docencia e na obtención de resultados nos ámbitos fundamentais da actividade universitaria: docencia, investigación e transferencia.
- Estimulación da adecuación da oferta ás demandas sociais, reorientando a oferta docente, potenciando a formación continua e a transferencia tecnolóxica e promovendo a mellora da calidade.

O Plan estrutúrase en dous grandes fondos, e dentro do fondo de financiamento non condicionado inclúe o subfondo denominado “panel de indicadores”, o cal inclúe unha serie de indicadores sobre responsabilidade social e medio-ambiente. Así, un dos indicadores do módulo 6 de responsabilidade social é o indicador de Transparencia universitaria cunha ponderación do 2,5% sobre o total panel de indicadores por resultados e estableceuse o seguinte criterio de medición:

PAIRS2-Transparencia universitaria

Definición: A Fundación Compromiso y Transparencia examina a transparencia voluntaria na web, entendida como o esforzo por difundir e publicar a información relevante da organización, facéndoa visible e accesible a todos os grupos de interese, de maneira íntegra e actualizada. Baixo estes principios, analízanse a visibilidade, a accesibilidade, a actualidade e a integralidade da información exposta.

Reparto: O reparto farase de xeito directamente proporcional ao 50% pola puntuación obtida globalmente; e o outro 50% pola posición dentro das tres categorías: transparente (10 puntos), translúcido (5 puntos), e opaco (1 punto)

Fonte: <https://www.compromisoytransparencia.com>

Queda deste xeito vencellado o desempeño na transparencia e coa obtención de recursos financeiros por parte das universidades galegas. No apartado de ranking comentouse que a Universidade de Vigo cumpre o total de indicadores establecidos pola Fundación Haz (Fundación Compromiso y Transparencia) e polo tanto, no indicador PAIRS 2 pode recibir a totalidade dos fondos ó cumprir un 100% o seu desempeño na transparencia.

Só un dos indicadores do subfondo do “panel de indicadores”, o PAIRS2 de Transparencia Universitaria no que se reparten arredor de 1.500.000€ entre as tres universidades do SUG, e que de acordo cos criterios de reparto establecidos no mesmo, lle correspondería a Universidade de Vigo no reparto dos anos 2022 e 2023 un total estimado de 785.539,47€.

Anexo I. Cadro indicadores Fundación Haz (antiga Fundación Compromiso y Transparencia)

Áreas	Indicador	Nº	Portal de transparencia
1. Plan estratégico	1.1. La universidad hará público su misión y el plan estratégico o las líneas generales del mismo, así como su grado de cumplimiento.	1	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5
2. Personal	2.1. La universidad publicará información sobre el personal contratado identificando el género y sus distintas categorías: PAS (funcionarios y laborales) y PDI (funcionarios y laborales) de acuerdo con los diferentes tipos de contrato.	2	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/37
	2.2. La universidad publicará información sobre las bandas salariales aplicables a cada una de las categorías.	3	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/4
3. Políticas y Gobierno	3.1. La universidad publicará la composición de los miembros de sus principales órganos de gobierno (Consejo Social y Consejo de Gobierno) mencionando sus nombres y apellidos, titulación y responsabilidades de gobierno.	4	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5
	3.2. Las universidades públicas y privadas harán públicas las fechas de las reuniones y acuerdos adoptados por sus órganos de gobierno (el consejo de gobierno y del consejo social).	5	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5
	3.3. La universidad hará públicos sus estatutos y reglamentos de gobierno.	6	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5
4. Consejo social: supervisión y rendición de cuentas	4.1. La universidad hará público la dotación presupuestaria del consejo social así como su estructura organizativa.	7	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5
	4.2. La universidad hará público un informe de responsabilidad social aprobado por el consejo social que deberá incluir, como mínimo, un análisis de materialidad, identificando las áreas relevantes de información, los canales de diálogo con los distintos grupos de interés e información sobre el cumplimiento de objetivos y metas.	8	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/47
	4.3. La universidad hará público el informe de actividades del Consejo Social que deberá contener como mínimo	9	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5
	4.4. El informe de actividades del Consejo deberá rendir cuentas del cumplimiento de los deberes de diligencia de sus miembros y las prácticas de buen gobierno	10	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5
5. Ética e cumplimiento	5.1 La universidad deberá hacer público su código ético, de conducta o norma equivalente	11	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/74
	5.2 La universidad deberá identificar el responsable o unidad de cumplimiento, así como sus competencias y dependencia jerárquica.	12	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/74

Áreas	Indicador	Nº	Portal de transparencia
	5.3 La universidad deberá contar con un canal ético abierto a todos sus grupos de interés, a través del cual se puedan plantear consultas sobre cuestiones de cumplimiento, así como presentar denuncias, garantizando el anonimato y la protección de los informantes. Asimismo, la universidad deberá hacer público el procedimiento de gestión del canal ético.	13	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/74
6. Entidades dependientes	6.1. La universidad publicará el nombre de sus fundaciones y entidades instrumentales dependientes.	14	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5
7. Oferta y demanda académica	7.1. La universidad publicará el número total de solicitudes, admisiones y matriculas en relación con el número total de las plazas ofertadas por titulación.	15	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/2
	7.2. La universidad publicará el porcentaje y evolución de la demanda de plazas con respecto al año anterior	16	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/2
8. Personal docente e investigador	8.1. La universidad publicará un breve perfil de sus profesores por departamento o área académica, que contenga el nombre, categoría, dedicación, distinciones y breve curriculum vitae.	17	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/65
	8.2. La universidad publicará el porcentaje de profesores extranjeros (contratados e invitados) de su claustro.	18	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/39
	8.3. La universidad publicará el porcentaje de profesores contratados que han leído la tesis en la misma universidad que los contrata antes de haber transcurrido un plazo de cinco años desde la lectura de la tesis.	19	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/39
9. Alumnos	9.1. La universidad facilitará información sobre los principales canales de representación y comunicación con los alumnos: programas de tutoría, asesoramiento, orientación profesional, etc.	20	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5 https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/14
	9.2. La universidad facilitará información sobre la oferta de becas y ayudas disponibles para sus alumnos.	21	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/14 https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/8
10. Información económica	10.1. La universidad hará público su presupuesto detallado y aprobado correspondiente al año en curso.	22	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/7 https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/39
	10.2. La universidad publicará los principales estados financieros: Balance de Situación y Cuenta de Pérdidas y Ganancias.	23	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/7 https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/39

Áreas	Indicador	Nº	Portal de transparencia
	10.3. La universidad publicará la memoria explicativa de las cuentas generales.	24	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/7 https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/39
	10.4. La universidad publicará el informe completo de la auditoría externa de sus cuentas o el informe del organismo público que se encargue de fiscalizar sus cuentas.	25	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/7 https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/39
11. Resultados	11.1. La universidad hará público los principales resultados relacionados con la labor investigadora de sus profesores: patentes, proyectos de investigación y transferencia de conocimientos y publicaciones JCR.	26	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/36
	11.2. La universidad publicará los principales datos relacionados con el rendimiento académico de sus alumnos: porcentaje de alumnos aprobados/ alumnos matriculados, tasa de duración de estudios (promedio de duración de los cursos en relación al plazo oficial previsto), tasa de abandono.	27	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/2
	11.3. La universidad hará públicos los índices de satisfacción de los alumnos con los profesores y los servicios.	28	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/7
	11.4. La universidad publicará su posición en los principales rankings nacionales y/o internacionales.	29	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/56
	11.5. La universidad publicará el número y porcentaje de alumnos fuera de la comunidad y los extranjeros matriculados en sus carreras (degree mobility) y el número y porcentaje de alumnos en programas de movilidad cuyo propósito no sea titularse en España (credit mobility).	30	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/77/99 https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/51/61 https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/4
	11.6. La universidad facilitará información sobre el porcentaje de inserción laboral de sus graduados y/o la mejora de la empleabilidad de los que ya cuenten con empleo.	31	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/6

Anexo II. Datos pedimentos dereito de acceso.

INFORMACIÓN	TIPO RESOLUCIÓN	TEMPO DE RESPOTA
Acta COAP 21/01/2019	Estimatoria	29
Administrador/a campus Pontevedra (cobertura e comisión de servizos)	Estimatoria	39
Cifras de matriculación por campus, titulación e curso	Estimatoria	2
Consulta de datos en SID	Desestimatoria	72
Consulta profesorado doutor e non doutor FETS	Estimatoria	3
Consumo eléctrico edificio Filomena Dato	Estimatoria	4
Contratos en vigor na UVigo de figuras posdoutorais	Estimatoria	8
Copia senteza do TSXG	Estimatoria	9
Datos alumnado para cátedra Aldaba_WIB	Estimatoria	136
Datos do programa de maiores	Estimatoria	30
Datos estudantes Facultade de Comunicación e Facultade de Dirección e Xestión Pública	Estimatoria	9
Datos sobre expediente compatibilidade	Estimatoria_traslado art. 19.4	48
Expediente completo modificación RPT PAS	Estimatoria	34
Información asignaturas e número alumnado graos nos últimos 5 anos	Estimatoria	23
Información asignaturas e número alumnado máster e doutoramento nos últimos 5 anos	Estimatoria	233
Información desglosada alumnos centros da Uvigo	Estimatoria	5
Información sentenza proceso selectivo TS Actividades Deportivas	Estimatoria	24
Informes do curso 2023/2024 para PCEO ADE/Dereito	Desestimatoria	19
Lista de entidades chinas coas que coopera	Estimatoria	35
Número de alumnos matriculados con discapacidade auditiva	Estimatoria	8
Número de denuncias acoso	Estimatoria	17
Padrón	Arquivo	31
Pedimento resolución reitoral 18 de xuño de 2024	Inadmisión adicional 1ª	27
Postos vacantes de PAS	Estimación parcial	37
Prórroga toma de posesión prazas último concurso PAS	Estimatoria	39
Relación de postos creados á marxe da RPT PAS	Estimatoria	39
Sistema de IA na universidade	Estimatoria	9
Solicito número de certificados de anos de servizo y certificados de postos de trabaxe desempeñados	Desestimatoria	205
Solicitud de anexos I e II Orden 4/09/2013	Estimatoria	46

Anexo III. Relación de ficheiros non publicados no 2024.

Núm.	Informe	Indicador	Portal
1	ACC. Variables e indicadores de acceso e matriculación inicial	1. Estudantado que accede por primeira vez á titulación.	ACC
2	ACC. Variables e indicadores de acceso e matriculación inicial	2. Nota media dos estudantado que accede por primeira vez á titulación.	ACC
3	MAT.Matricula	1. Estudantes matriculados/as	MAT
4	MAT.Matricula	Matricula por xeolocalización familiar	MAT
5	REN.Rendemento	1. Taxa de éxito	REN
6	REN.Rendemento	2. Taxa de avaliación	REN
7	REN.Rendemento	3. Taxa de rendemento	REN
8	REN.Rendemento	4. Cualificacións obtidas en cada materia	REN
9	REN.Rendemento	4. Cualificacións obtidas en cada materia	REN
10	REN.Rendemento	Grading systems-distribución estatística de cualificacións	REN
11	ABA.Abandono	1. Taxa de abandono do estudo (CURSA)x curso académico	ABA
12	ABA.Abandono	2. Taxa de cambio do estudo	ABA
13	ABA.Abandono	3. Taxa verifica	ABA
14	GRA.Graduación	1. Taxa de graduación x curso académico	GRA
15	GRA.Graduación	2. Número de egresados/as	GRA
16	GRA.Graduación	3. Duración media dos estudos	GRA
17	GRA.Graduación	4. Taxa de transición de Grao a Máster	GRA
18	GRA.Graduación	5. Taxa de captación	GRA
19	GRA.Graduación	6. Taxa de eficiencia (Taxa de rendemento dos/das egresados/as universitarios/as)	GRA
20	DOC. Variables e indicadores de profesorado con horas de docencia	1. Profesorado con horas de docencia. Número e distribución por categoría, sexo, idade e nacionalidade.	DOC
21	DOC. Variables e indicadores de profesorado con horas de docencia	2. Porcentaxe de horas de docencia impartidas segundo a categoría do profesorado.	DOC
22	MER. Variables e indicadores de doutor, quinquenios e sexenios do profesorado	1. Profesorado doutor.	MER
23	MER. Variables e indicadores de doutor, quinquenios e sexenios do profesorado	2. Quinquenios do profesorado.	MER
24	MER. Variables e indicadores de doutor, quinquenios e sexenios do profesorado	3. Sexenios obtidos e posibles do profesorado.	MER
25	MER. Variables e indicadores de doutor, quinquenios e sexenios do profesorado	4. Porcentaxe de profesorado con sexenios.	MER
26	MER. Variables e indicadores de doutor, quinquenios e sexenios do profesorado	5. PDI con sexenios sobre PDI total.	MER

Núm.	Informe	Indicador	Portal
27	FOR. Variables e indicadores de formación e mobilidade do profesorado.	1. Profesorado que participa en programas de formación.	FOR
28	FOR. Variables e indicadores de formación e mobilidade do profesorado.	2. Profesorado que participa en programas de mobilidade.	FOR
29	ACC.DOU. Acceso ao programa de doutoramento	1. Número de prazas ofertadas	ACC.DOU
30	ACC.DOU. Acceso ao programa de doutoramento	2. Número de solicitudes de praza presentadas (demanda)	ACC.DOU
31	ACC.DOU. Acceso ao programa de doutoramento	3. Número de estudantes matriculados/as de novo acceso	ACC.DOU
32	ACC.DOU. Acceso ao programa de doutoramento	4. Número de estudantes matriculados/as de novo acceso por perfil de acceso	ACC.DOU
33	ACC.DOU. Acceso ao programa de doutoramento	5. % de estudantes de novo acceso procedentes de máster doutras universidades	ACC.DOU
34	ACC.DOU. Acceso ao programa de doutoramento	6. % de estudantes de novo acceso que requiren complementos formativos	ACC.DOU
35	MAT.DOU. Matrícula	1. Número de estudantes matriculados/as	MAT.DOU
36	MAT.DOU. Matrícula	2. Número de estudantes matriculados/as a tempo completo e a tempo parcial	MAT.DOU
37	MAT.DOU. Matrícula	3. % de estudantes estranxeiros/as	MAT.DOU
38	MAT.DOU. Matrícula	4. % de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FEI, FPU, xunta,...)	MAT.DOU
39	MAT.DOU. Matrícula	5. Número de estudantes segundo liña de investigación	MAT.DOU
40	GRA.DOU. Graduación	1. Número de teses defendidas	GRA.DOU
41	GRA.DOU. Graduación	2. Número de teses defendidas a tempo completo, tempo parcial e mixto	GRA.DOU
42	GRA.DOU. Graduación	3. Número de teses defendidas segundo idioma	GRA.DOU
43	GRA.DOU. Graduación	4. Número de teses defendidas en réxime de codirección	GRA.DOU
44	GRA.DOU. Graduación	5. Porcentaxe de teses defendidas con cualificación cum laude	GRA.DOU
45	GRA.DOU. Graduación	6. Porcentaxe de teses defendidas con mención internacional	GRA.DOU
46	GRA.DOU. Graduación	7. Duración media dos estudos a tempo completo, tempo parcial	GRA.DOU
47	GRA.DOU. Graduación	8. Taxa de éxito	GRA.DOU
48	DOC.DOU. Profesorado	1. Porcentaxe de PDI con sexenios vivos	DOC.DOU
49	DOC.DOU. Profesorado	2. Porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe teses	DOC.DOU
50	DOC.DOU. Profesorado	3. Número de expertos internacionais que participan en tribunais de tese	DOC.DOU
51	Indicadores orzamentarios	Índice de modificación orzamento ingresos	Ingresos
52	Indicadores orzamentarios	Índice de modificación orzamento gastos	Gastos
53	Grao de execución do orzamento	Execución do orzamento de ingresos	Ex ingr
54	Grao de execución do orzamento	Execución do orzamento de gastos	Ex gastos
55	Grao de execución do orzamento	Execución do orzamento de ingresos sen remanente	Ex rem
56	Cumprimento orzamentarios	Realización de pagos	Pagos
57	Cumprimento orzamentarios	Realización de cobros	Cobros
58	Cumprimento orzamentarios	Cobros excluídos CCAA	Excl CCAA
59	Cumprimento orzamentarios	Cobro operacións correntes CCAA	Corr CCAA

Núm.	Informe	Indicador	Portal
60	Cumprimento orzamentarios	Cobro operacións capital CCAA	Cap CCAA
61	Cumprimento orzamentarios	Cobros excluídos os do Estado	Excl Est
62	Cumprimento orzamentarios	Cobros operacións correntes Estado	Corr Est
63	Cumprimento orzamentarios	Cobros operacións de capital Estado	Cap Est
64	Estrutura do orzamento de gastos	Relevancia gasto corrente e non corrente	Est gastos
65	Estrutura do orzamento de gastos	% capítulo fronte a gasto total	% g total
66	Estrutura do orzamento de gastos	% capítulo fronte a gasto corrente	% g corrente
67	Estrutura do orzamento de ingresos	% capítulo fronte a ingreso total	% i total
68	Estrutura do orzamento de ingresos	Grao de dependencia	Depen
69	Estrutura do orzamento de ingresos	% taxas e prezos públicos	Taxas
70	Titulacións oficiais	Notas medias titulacións curso 2023/2024	Medias
71	Información sobre o persoal	Actividade sindical PDI curso 2023/2024	Sind

Información de contacto

Unidade de Análises e Programa

Edificio Filomena Dato.

As Lagoas Marcosende s/n.

36310 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: 986 818 689

<https://www.Universidade de Vigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-analises-programas>

[illegible]